



Compíte en  
seguridade e calidade

**iSSGA**  
INSTITUTO DE SEGURIDADE  
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



Infórmate dos teus  
dereitos e obrigas en PRL:

[issga@xunta.gal](mailto:issga@xunta.gal)  
981 54 46 25



galicia

Edita: Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) - Depósito legal: C 2365-2016



Súmame á prevención  
de riscos laborais  
no emprego autónomo

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

XUNTA DE GALICIA

# O emprego autónomo e a prevención de riscos laborais

## Principais dereitos

**Á integridade física e a unha protección adecuada da seguridade e saúde no traballo.**

- A interromper a actividade e abandonar o lugar de traballo en caso de risco grave e inminente para a vida ou a saúde.
- A recibir a información e instrucións adecuadas aos riscos existentes cando desenvolvan actividades nun centro de traballo alleo.
- A recibir a información necesaria para manipular sen riscos a maquinaria, equipos, produtos, materias primas e útiles de traballo facilitados pola empresa para a que traballan, para realizar a actividade fóra do centro de traballo desta.

Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo.

## Principais obrigas

**Se concorren nun mesmo centro de traballo con outras persoas traballadoras, cumprírase cos deberes de cooperación, información e instrución.**

- Informar sobre os riscos específicos que poidan afectar os/as traballadores/as das outras empresas, en particular os que poidan agravarse ou modificarse pola concorrencia. Facilitarase: antes do inicio das actividades, cando se produza un cambio relevante e cando se produciu unha situación de emerxencia.
- Ante riscos graves ou moi graves, facilitar a información por escrito.
- Comunicar de inmediato toda situación de emerxencia susceptible de afectar a saúde ou a seguridade do persoal traballador.
- Cumprir as instrucións sobre prevención de riscos dadas polo empresario titular do centro de traballo.

RD 171/2004 de coordinación de actividades empresariais que desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

## Obrigas específicas en obras de construción

**Velar pola propia seguridade e saúde no traballo e a daquelas persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional.**

- Usar adecuadamente as máquinas, ferramentas e aparellos, non poñer fóra de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade, etc.
- Utilizar equipos de traballo que cumpran coas normas de seguridade.
- Elixir e utilizar equipos de protección individual, cando así sexa necesario, que sexan adecuados ao risco existente.
- Atender as instrucións que realice o coordinador de seguridade e saúde ou se é o caso, a dirección facultativa durante a execución da obra.
- Cumprir o establecido no plan de seguridade e saúde no traballo.

As demais obrigas fixadas no RD 1627/1997 polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

## Obrigas no caso de contar con persoas traballadoras ao cargo

**Teñen todas as obrigas que, con respecto ao seu persoal traballador, a lexislación de prevención de riscos laborais fixa para o empresariado.**

- Integrar a prevención no sistema xeral de xestión da empresa mediante a implantación e aplicación dun plan de prevención.
- Realizar a avaliación dos riscos que non puideron ser evitados ou eliminados e planificar a actividade preventiva a partir de dita avaliación.
- Cumprir os deberes de información, consulta e participación dos/as traballadores/as.
- Levar a cabo unha axeitada vixilancia da saúde do persoal traballador.

As demais obrigas fixadas na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e na normativa que a desenvolve.

# A acción protectora da Seguridade Social

## Tipos de continxencias

### Continxencias comúns

Engloban aquelas situacións que poden sobrevir ao persoal traballador, impedíndolle traballar e non relacionadas coa súa actividade profesional (enfermidade común e accidente non laboral).

### Continxencias profesionais

Engloban aquelas situacións de enfermidade ou accidente que poden sobrevir ao persoal traballador, impedíndolle traballar e que foron causadas ou agravadas pola actividade laboral (accidente de traballo e enfermidade profesional).

Non todos os traballadores autónomos teñen a obriga de cotizar por **CONTINXENCIAS PROFESIONAIS**, pero facelo supón diferenzas no nivel de protección.

**INFORMATE DAS SÚAS VANTAGES!  
ESTE CUSTO É UNHA INVERSIÓN!**

**901 50 20 50** [www.seg-social.es](http://www.seg-social.es)

## Protección especial das continxencias profesionais

### Facilitase o acceso a protección

- Non se require ningún período mínimo de cotización para ter dereito ás prestacións.

### Outórgase unha protección reforzada

- A prestación de incapacidade temporal abónase desde o día seguinte ao da baixa na contía do 75% da base reguladora.
- As pensións calcúlanse sobre o salario real do traballador.
- Protéxese a situación de incapacidade permanente parcial.
- As lesións irreversibles que, sen constituír unha incapacidade permanente, supoñan unha limitación na integridade física, dan dereito a unha indemnización.
- No caso de morte e supervivencia, ademais da prestación correspondente, recoñécese unha indemnización a tanto alzado.

Real decreto 1273/2003, do 10 de outubro, polo que se regula a cobertura das continxencias profesionais dos traballadores incluídos no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e a ampliación da prestación por incapacidade temporal para os traballadores por conta propia.